



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A ASOCIACIÓN CULTURAL "O CASTRO" PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES DE ACOMPAÑAMENTO E ANIMACIÓN NOS HOSPITAIS DA ÁREA SANITARIA DE PONTEVEDRA E O SALNÉS

En Vilagarcía de Arousa, a 18/06/2025

### REUNIDOS

**Dunha parte:** Antonio Gómez Caamaño, conselleiro de Sanidade e presidente do Servizo Galego de Saúde, de acordo co establecido no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, de conformidade cos Decretos 144/2024 e 145/2024, do 20 de maio, polos que se establecen as estruturas orgánicas da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde, respectivamente; así como co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e na Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Doutra parte:** José Sabarís Casal, presidente da Asociación Cultural O Castro de Baión-Vilanova de Arousa, con NIF G36116879 e inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por Resolución do 22/02/2013 co N° 2013/017313-1ª, como representante legal da mesma.

Ambalas dúas partes recoñécense mutuamente capacidade legal suficiente para obrigarse e subscribir o presente convenio e

### MANIFESTAN

**PRIMEIRO.-** No ámbito estatal, a **Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado**, ten por obxecto dotar ao voluntariado dun marco xurídico que responda á súa configuración e dimensións actuais e establece no seu **artigo 1** que o seu obxecto é o seguinte:

a) *Promover e facilitar a participación solidaria da cidadanía nas actuacións de voluntariado realizadas a través de entidades de voluntariado, dentro e fóra do territorio do Estado e de acordo cos valores e principios do voluntariado.*

b) *Fixar os requisitos que deben reunir os voluntarios e o réxime xurídico das súas relacións coas entidades de voluntariado e coas persoas destinatarias das actuacións de voluntariado.*

c) *Describir a cooperación que, no ámbito das súas respectivas competencias, poidan levar a cabo as Administracións públicas, dentro do marco da Constitución e dos Estatutos de Autonomía en materia de voluntariado.*

d) *Determinar as funcións da Administración Xeral do Estado no ámbito das súas competencias en materia de voluntariado.*



**SEGUNDO.-** No ámbito da Comunidade Autónoma, a **Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria**, indica no seu **artigo 1** que o seu obxecto é a ordenación e fomento da participación solidaria e altruísta da cidadanía nas actividades da acción voluntaria organizadas por entidades de acción voluntaria ou directamente pola Administración autonómica ou pola Administración local para o desenvolvemento de programas concretos e regular as relacións que, con respecto ás devanditas actividades, se poidan establecer entre as persoas voluntarias, as entidades de acción voluntaria e as persoas destinatarias da acción voluntaria e as administracións públicas de Galicia.



Por maior abastanza, o **artigo 27.4º da Lei 8/2008, de 10 de xuño, de Saúde de Galicia**, dispón que a colaboración das organizacións de voluntarios e voluntarias e cooperantes coas organizacións sanitarias adscritas ou vinculadas á Consellería de Sanidade poderán instrumentarse, no seu caso, a través de convenios, concertos, programas de subvencións etc., de conformidade coa natureza da colaboración que pretenda establecerse. Ningunha colaboración, individual ou colectiva, implicará relación laboral coa administración sanitaria.

**TERCEIRO.-** O **Decreto 145/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica do Servizo Galego de Saúde**, determina que este é un organismo autónomo de natureza administrativa, dotado de personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, adscrito á Consellería de Sanidade e configurado para o axeitado desenvolvemento das competencias que no ámbito sanitario lle corresponden á Comunidade Autónoma de Galicia.

**CUARTO.-** O Servizo Galego de Saúde ao desenvolver esta actividade de voluntariado, a través dos hospitais que configuran a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, cómpre co estipulado na mencionada Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria e na Lei 8/2008, do 10 de xuño, de Saúde de Galicia.

**QUINTO.-** A Asociación Cultural O Castro foi constituída no ano 1990 en Baión-Vilanova de Arousa, co fin de divulgar a Cultura Galega e mellorar a calidade de vida das súas xentes. Desde entón traballa con afán nos ámbitos culturais e sociais, sendo na actualidade unha das asociacións máis grandes de Galicia debido ás numerosas actividades que forman parte do programa da asociación e que lles permite compartir e intercambiar diferentes experiencias con outras entidades do territorio galego.

**SEXTO.-** Desde o comenzo, esta Asociación sempre tivo como unha das súas sinais de identidade a **SOLIDARIEDADE**: a colaboración coa CRUZ VERMELLA, con CÁRITAS, co BANCO DE ALIMENTOS, etc., e tamén destacando as actividades cara aos maiores con visitas domiciliarias, charlas, talleres, reunións interxeneracionais, xornadas e persoas con discapacidade.

Por iso, figura rexistrada na Xunta de Galicia como: ENTIDADE PRESTADORA DE SERVIZOS SOCIAIS, co Nº **E-6298**.



No ano **2010**, asinou con **UNICEF** un convenio de colaboración.

No ano **2012** creou o grupo de Voluntariado da Asociación Cultural O Castro que está rexistrado como ENTIDADE DE ACCIÓN VOLUNTARIA na Xunta de Galicia **Nº O-619**.

A partir desa data levou a cabo diferentes proxectos de voluntariado medioambiental e de recuperación e humanización de espazos naturais, etnográficas de recuperación de tradicións, costumes e xogos populares e comezouse atendendo a persoas con diversidade funcional e a persoas maiores de xeito diario:

Na actualidade as unidades de voluntariado atenden diariamente a 40 maiores, dirixidos por unha educadora social e coa colaboración dun dinamizador sociocultural, contando igualmente cun microbús e unha furgoneta propias para transportar aos usuarios dos seus domicilios ata a casa de cultura de Baión onde se desenvolve esta atención.

- Igualmente aténdense dúas horas semanais a 15 persoas con diversidade funcional de diferentes concellos do Salnés onde o Voluntariado realiza diferentes talleres adaptados de manualidades, cociña e musicais.

Ao longo dos anos a Asociación foi creando un entramado social, cultural e sobre todo, de voluntariado que lles permite ter a base idónea para estender a acción voluntaria a unha parte da sociedade que máis o pode precisar: os/as pacientes hospitalizados/a, focalizando especialmente a acción nas persoas maiores e nos nenos e nenas.


**SÉTIMO.-** O Servizo Galego de Saúde, sensible aos fenómenos que poidan redundar nunha maior cohesión social recoñece o importante papel do voluntariado como mecanismo canalizador das lexítimas inquietudes das persoas e das organizacións sen ánimo de lucro no desempeño de actividades altruístas e para o logro dunha sociedade mellor e máis solidaria. Por iso, cada día é máis necesario promover e coordinar o voluntariado desde postulados flexibles que permitan unhas regras básicas para o desenvolvemento da súa acción en campos como a saúde.

**OTAVO.-** A Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, coñecedora das necesidades de moitos/as pacientes, incorpora entre os seus obxectivos a colaboración coa Asociación Cultural O Castro, dado que a inclusión desta acción voluntaria no hospital permite que os/as voluntarios/a desa Asociación participen dun modo activo na mellora da realidade hospitalaria e da atención prestada aos/ás pacientes ingresados/as, convertendo ao hospital nun espazo xerador deste exercicio de solidariedade.

De conformidade co anteriormente exposto, as entidades comparecentes acordan subscribir o presente Convenio de Colaboración conforme ás seguintes:

## CLÁUSULAS

### PRIMEIRA.- OBXECTO E FINALIDADE



Este convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación Cultural O Castro co fin de poñer en marcha un programa de acompañamento e animación para os pacientes ingresados nos hospitais integrantes no ámbito da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés.


O obxectivo principal é acompañar de preto, dunha maneira asidua, ás persoas ingresadas nos hospitais da Área e poder axudar, a través da cultura, a aqueles/as que se atopan nos mesmos, a sabendas de que hai grupos máis vulnerables que precisan de maior atención: persoas maiores, persoas soas, nenos/as e mocidade.

### SEGUNDA.- OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

O proxecto de colaboración desenvolveríase a través de dúas liñas claramente diferenciadas:

- O acompañamento dos/das pacientes da man do voluntariado da Asociación Cultural O Castro.
- A dinamización cultural a cargo dos/das voluntarios/as que forman parte dos grupo de teatro, danza e música.

### TERCEIRA.- PERSOAS DESTINATARIAS



As persoas destinatarias das actividades a desenvolver pola Asociación Cultural O Castro, en virtude da colaboración regulada neste convenio, serán todas as persoas ingresadas nos hospitais da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, prestando especial atención aos grupos máis vulnerables que precisan de maior atención: persoas maiores, persoas soas, nenos/as e mocidade.

### CUARTA.- FUNCÍONS DOS/DAS VOLUNTARIOS/AS

As principais funcións a desenvolver polos/as voluntarios/as hospitalarios para a consecución dos obxectivos do presente convenio de colaboración son:


- Acompañamento de pacientes hospitalizados/as con perfís de soidade, imposibilidade de acompañamento familiar...
- Animación de carácter mensual para os/a pacientes ingresados/as máis novos/as e aos/ás que a Dirección do centro hospitalario considere, a través dos grupos de música, teatro, contacontos...
- Charlas e talleres liderados por especialistas sanitarios co grupo da Unidade de Maiores para un uso e control responsable da medicación.




- Disponibilidade para ofrecer datos, opinións, experiencias das persoas maiores...para humanizar ou adaptar á súa situación algunhas zonas hospitalarias que se considere e que usan de xeito frecuente.

## QUINTA.- OBRIGAS DAS PARTES

### - A Asociación, comprométese a:

- 
- Aportar o persoal voluntario necesario para a correcto desenvolvemento das actividades.
  - Nomear un/unha coordinador/a de voluntariado, que será responsable da actuación dos seus membros e será o/a interlocutor/a válido ante os/as representantes nomeados/as pola Área Sanitaria para os distintos Hospitais.
  - Seleccionar e formar ás persoas voluntarias que participen no desenvolvemento das actividades.
  - Aportar a identificación para os/as voluntarios/as.
  - Estar a disposición da Área Sanitaria para realizar as visitas a pacientes ingresados/a e a posibilidade de continuar coa intervención unha vez volvan ao seu domicilio.
  - Realizar con carácter mensual as actuacións nos hospitais da Área Sanitaria (culturais, lúdicas, festivas...)
  - Desenvolver as actividades no horario que se estime máis oportuno para non obstaculizar o funcionamento do centro hospitalario.
  - Estar a disposición da Xerencia da Área Sanitaria para colaborar en proxectos experimentais de humanización de zonas hospitalarias na atención de persoas maiores.
  - Prover dos seguros de Accidentes e Responsabilidade Civil aos/as voluntarios/as.
  - Cumprir en todo momento a lexislación vixente, tanto a nivel nacional como autonómico, en materia de voluntariado.



O **Servizo Galego de Saúde**, a través da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés, dentro das súas posibilidades actuais, comprométese a:

- Facilitar un espazo físico para á súa utilización polo/pola coordinador/a do voluntariado e dar cabida ao equipo de voluntarios actuantes no hospital, sen que implique cesión do local.
- Facilitar un espazo para a realización de actividades de animación e entretemento para os/as pacientes ingresados, que non implicará a súa cesión.
- Proporcionar a información e os medios necesarios ao persoal sanitario que acompaña aos/ás pacientes durante o seu ingreso para que o maior número deles poidan ter acceso aos servizos de voluntariado, propiciando a coordinación efectiva no ámbito hospitalario.



## SEXTA.- PERSOAL DA ASOCIACIÓN

As obrigas sociais e laborais respecto ao persoal que aporta a Asociación, corresponderán única e exclusivamente a esta, sendo tanto o Servizo Galego de Saúde como a Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés totalmente alleos ás devanditas relacións laborais.

A subscrición do presente convenio non comporta relación laboral contractual ou de calquera tipo entre o persoal e voluntarios/a da Asociación e o Servizo Galego de Saúde.

O/A coordinador/a de voluntariado dependerá organicamente da Asociación, a cal asumirá a selección, nomeamento e xestión do/da mesmo/a.

Os/a voluntarios/a non poderán desenvolver en ningún caso actividades que sexan propias do persoal pertencente ao Servizo Galego de Saúde.

A Asociación Cultural O Castro acredita o cumprimento dos requisitos fixados no artigo 13 da Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado, así como os dereitos do persoal voluntario nos termos establecidos no artigo 10 da citada Lei.

O Servizo Galego de Saúde non se fai responsable dos accidentes ou enfermidades que as persoas voluntarias puidesen padecer no transcurso das accións voluntarias, nin tampouco dos danos que puidesen ocasionar durante a realización das devanditas accións de voluntariado, así como as posibles contingencias de responsabilidade civil que se puideran producir durante este.

## SÉTIMA.- PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

As partes asinantes estarán obrigadas, en materia de protección de datos de carácter persoal, a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e as demais disposicións vixentes sobre a materia, e adoptarán as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e da súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Ambas as partes comprométese a gardar a máis estrita confidencialidade respecto de calquera das informacións, datos e documentación de carácter persoal á que teñan acceso en virtude deste convenio e ao deber de gardalos, sen que poidan ser utilizados para usos diferentes aos previstos nel, e farán constar de maneira expresa que velarán polo cumprimento da normativa de protección de datos persoais de aplicación en cada caso.



Deste xeito, as partes asinantes e as persoas voluntarias que teñan acceso a datos de carácter persoal non revelarán a persoas alleas ao Servizo Galego de Saúde, información da que tivesen coñecemento, nin utilizarán ou dispoñerán dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á que é obxecto deste convenio.

Esta mesma obriga subsistirá tamén unha vez finalizado o período de vixencia do convenio, e responderase en caso de incumprimento do deber de segredo ante o Servizo Galego de Saúde, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Aencia Española de Protección de Datos ou ante calquera outro órgano competente.

Para tales efectos e de conformidade cos artigos 8.c) e 12 da Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria, o/a voluntario/a asinará un documento no que se obrigue a cumprir o deber de confidencialidade antes citado.

#### **OITAVA.- COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO**

Co fin de velar polo cumprimento xeral das cláusulas do presente Convenio e coordinar as accións previstas, creárase unha Comisión Mixta paritaria entre a Asociación e o Servizo Galego de Saúde, integrada por dous representantes de cada unha das institucións asinantes.

A comisión mixta de seguimento, reunirse, de xeito ordinario, con periodicidade anual, así como as veces que se considere necesario a solicitude de calquera das partes.

As súas funcións serán as de seguimento, interpretación, coordinación e cumprimento do convenio, resolvendo ás dúbidas que a súa execución poida presentar.

#### **NOVENA.- NON CONSIGNACIÓN ORZAMENTARIA**

A sinatura do presente convenio non supón compromiso económico ningún para as institucións asinantes e por iso no precisa consignación orzamentaria.

#### **DÉCIMA.- PUBLICIDADE**

Na publicidade e actividades que o Servizo Galego de Saúde e a Asociación fagan, a través de calquera medio de comunicación social, das accións derivadas da aplicación do presente Convenio, farase constar expresamente que estas se realizan en virtude da colaboración acordada entre o Servizo Galego de Saúde e a Asociación.

#### **DÉCIMO PRIMEIRA.- EFECTOS E DURACIÓN**

O presente Convenio entrará en vigor desde o día seguinte ao da súa sinatura e terá unha vixencia dun ano.



En calquera momento antes da finalización do prazo previsto, as partes asinantes do convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de un ano adicional ou a súa extinción.

Todo isto, de conformidade co disposto no artigo 49 h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP).

#### **DÉCIMO SEGUNDA.- CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS**

Serán causas de rescisión do presente convenio as recollidas no artigo 51 da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, entre outras:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen terse acordado a prórroga do mesmo
- b) O acordo unánime da partes asinantes.
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos adquiridos por calquera das partes asinantes.
- d) A denuncia expresa dunha das partes, con previo aviso de, como mínimo, dous meses de antelación á finalización do convenio.
- e) Calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Para os efectos da resolución do convenio hay que estar ao disposto no artigo 52 Lei 40/2015, do 1 de outubro, tendo en conta especialmente que haberán de finalizarse as accións que no seu momento se atopen en curso ou estea comprometida a súa realización.

#### **DÉCIMO TERCEIRA.- NATUREZA E XURISDICIÓN**

O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase polo establecido nas súas estipulacións, pola lexislación vixente en materia administrativa (Lei 39/2015 do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público) e pola lexislación sobre a materia obxecto do mesmo (Lei 45/2015, do 14 de outubro, de voluntariado e Lei 10/2011, do 28 de novembro, de acción voluntaria)

As cuestións litixiosas que podan xurdir na aplicación do presente convenio resolveranse ante a xurisdición contencioso-administrativa.

#### **DÉCIMO CUARTA.- REXISTRO DE CONVENIOS, TRANSPARENCIA E BO GOBERNO**

A sinatura deste convenio de colaboración leva implícito consentimento expreso das persoas intervinientes para que a Administración Pública Autonómica Galega poida facer públicos os datos de carácter persoal e mais o resto de especificacións que figuren nel, de acordo co disposto na Lei 19/2023, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.



O presente convenio será obxecto de inscrición no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, nos termos previstos no Decreto 126/2006, do 20 de xuño, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

E como proba de conformidade, ámbalas partes asinan o presente convenio, por triplicado e a un só efecto, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Presidente do Servizo Galego de Saúde    O Presidente da Asociación Cultural O Castro

(Por delegación de data 09.04.2025)

O Xerente da Área Sanitaria de  
Pontevedra e O Salnés



José Flores Arias



José Sabaris Casal

